



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 11/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a vinte e seis de setembro de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- PAULA CASTENDA BLANCO.
- GONZALO VEIRAS CASTRO.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D^a. ALBA REGOS MATA.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, de data 6 de setembro de 2019, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión extraordinaria de data 6 de setembro de 2019, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coa abstención de da Sra. Castenda Blanco e Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente non se da conta de ningunha actuación municipal.

3. APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2018.

Expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral desta entidade local, correspondente ó exercicio de 2018, rendida e formulada de acordo co disposto no art. 212 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e as regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade local, contendo así mesmo dita conta tódalas partes que se contemplan na mencionada Instrución de contabilidade, xustificándose mediante os documentos e libros de contabilidade que se establecen nesta.

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 26/06/2018, e informe de intervención.

Visto que durante o período de exposición ó público da Conta Xeral mediante anuncio no BOP nº 152, de fecha 13/08/2019 e taboleiro de anuncios do Concello non se formularon reclamacións algunha contra esta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as entidades locais como xestores de fondos públicos teñen a obrigaçión de informar, xustificar e responsabilizarse da actividade económico-financeira que realizaron durante un ano. Para iso, teñen que elaborar as súas contas anuais que reflicten a forma na que se desenvolveu esta actividade. A rendición de contas é o acto administrativo mediante o que os responsables da xestión dos fondos públicos ou cuentadantes informan, xustifican e responsabilízanse da aplicación dos recursos postos á súa disposición nun exercicio económico. A responsabilidade en que se concreta a rendición de contas é independente da responsabilidade na que incorran quen adoptou as resolucións ou realizaron os actos reflectidos nas devanditas contas, e así, a regra 49, apartado 4, da ICAL sinala que a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. As Entidades locais están obrigadas a render as súas contas ao Tribunal de Contas e aos Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (OCEX) e esta obrigaçión é a que se denomina como obrigaçión de render contas. Os órganos de control externo, Tribunal de Contas e os OCEX, teñen asignadas as funcións do control sobre a actividade económico financeira das administracións públicas, para garantir que esta actividade realízase de acordo coas normas e de forma eficiente. Entre estas funcións está controlar e impulsar que as Entidades locais elaboren e rendan as contas anuais. Ademais moitos axentes necesitan e demandan a información que conteñen as contas anuais das Entidades locais: os órganos de xestión, para poder tomar decisións, os plenos das Entidades locais, Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas, Cortes Xerais, os cidadáns, empresas ou institucións financeiras aos cales lles interesa coñecer, por diferentes motivos, cal foi a actividade económica das Entidades locais e a súa situación financeira e patrimonial. O artigo 201 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establece a obrigaçión ás Entidades locais de render as súas contas. De acordo co artigo 223 da mesma norma, as Entidades locais están obrigadas a aprobar e render a Conta xeral do exercicio. A Conta Xeral está formada polas contas anuais da Entidade local e das súas entidades dependentes e os estados que compoñen as contas anuais son o Balance de situación, a conta de resultados



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, a liquidación dos orzamentos e a Memoria. A Conta xeral é un conxunto de documentos e estados que a Entidade local ten que elaborar ao final de cada ano para informar sobre: A situación do patrimonio, é dicir, a situación dos bens e dereitos da Entidade local, do seu financiamento e dos seus préstamos e débedas ao final do ano. Os gastos, ingresos, beneficios e perdas da Entidade local durante o ano ao que se refire a Conta xeral. Como se executou o orzamento da Entidade local, é dicir, ofrece información sobre canto e en que se gastaron os recursos que se obtiveron nese ano, cantos recursos obtivéronse no ano e cales foron eses recursos. Tamén se informa sobre a forma na que se realizaron eses gastos e ingresos. A Lei establece cal debe ser esa información e como se debe elaborar. En concreto, a información que teñen que elaborar ao finalizar o ano é a denominada Conta xeral, que se atopa regulada nos artigos 208, 209, 210 e 211 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e nas Instrucións de Contabilidade Local. A estes efectos a citada Conta Xeral contén todos os documentos que a deben integrar. Reiterar que, de conformidade co disposto na regra 49, apartado 4, da ICAL, a aprobación da conta xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. Tal e como sinala o Tribunal de Cuentas no seu informe de fiscalización do Sector Público Local, exercicio 2015, "A conta xeral dunha entidade local, tal e como se establece no artigo 212.5 do TRLRFL, considérase rendida cando está aprobada polo Pleno da mesma, non entendéndose como tales as remitidas sen fecha de aprobación. O expediente da conta xeral que se presenta para a súa aprobación plenaria inclúe a totalidade da documentación e dos estados contables aos cales refírense tanto o TRLRFL como a ICAL. A dita conta foi formada pola intervención municipal, a cal elaborou tamén un informe explicativo da mesma para unha mellor comprensión das distintas magnitudes contables e orzamentarias, se ben ningunha norma expresa a necesidade da emisión do mesmo. No que respecta á tramitación da Conta Xeral, convocouse aos membros da Comisión especial de contas o 17 de xullo para a celebración da mesma o día 9 de agosto, cumprindo así o disposto no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, que sinala que as contas e a información complementaria estarán a disposición dos seus membros como mínimo quince días antes da reunión. A coincidencia da tramitación da mesma co proceso electoral retrasou os prazos, debido en boa medida ao disposto no citado artigo, toda vez que na normativa xeral a dita comisión se convoca nos mesmos prazos que calquera outra comisión informativa. De conformidade co disposto no artigo 212.3, unha vez ditaminada, expúxose ao público, mediante anuncio no BOP nº 152 do 13 de agosto, por espazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis, contados a partires do seguinte á inserción do dito edicto no BOP, ao obxecto de que todos os interesados poidan examinala e formular as reclamacións, reparos ou observacións que estimasen pertinentes. Transcorrido o mencionado prazo non se presentou reclamación, reparo ou observación algunha. Cómpre, pois, o sometemento ao Pleno Corporativo da aprobación da Conta Xeral, para que poida ser aprobada antes do 1 de outubro. Conta Xeral debe renderse, debidamente aprobada, aos órganos de control externo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, antes do 15 de outubro. Se ben do que se trata é de aprobar que a Conta Xeral reflicte o que sucedeu economicamente no exercicio (ven sendo como a aprobación da acta anterior que se realiza como punto independente nos Plenos), e a modo informativo e para xeral coñecemento faremos, de seguido, un breve resume das magnitudes que se deducen do informe elaborado pola intervención. 1. Respecto ao Balance. Diminuíu lixeiramente o activo fixo respecto ao total, pasando do 95,56% ao 94,32%. Incrementáronse os recursos permanentes respecto ao pasivo total (do 91,72% ao 93,59%). O pasivo a longo prazo, créditos con entidades e co Estado pola devolución da PIE, diminuíu de 3.148.507,55 € a 2.766.340,78, porcentualmente nun 12,14%. O pasivo a curto prazo (acreedores e a parte dos préstamos a pagar no exercicio seguinte) diminuíu de 1.471.518,99 € a 990.586,35 (nun 32,68%). En consecuencia as débedas a longo e curto prazo pasaron de 4.620.026,54 € a 4.139.093,90 €, cunha diminución do 10,41%. O fondo de manobra (diferencia entre os recursos permanentes e o activo fixo ou, o que é o mesmo, entre o activo circulante e o pasivo a curto prazo) é positivo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

por importe de 2.339.398,26 €. Como o seu propio nome indica, o fondo de manobra refírese á capacidade (manobra) que ten unha empresa, neste caso unha Administración, para poder atender os seus pagos a curto prazo e, á vez, poder realizar investimentos necesarios. Se nun momento determinado se tivesen que devolver todas as débedas a curto prazo (Pasivo corrente) que acumulou a corporación, o FM é o que quedaría do activo corrente. O dito fondo de manobra incrementouse nun 132,44%. No tocante ao endebedamento diminuíu o total, o endebedamento a longo prazo e o endebedamento a curto prazo. Así a débeda total por habitante pasou a seren de 297,41 €, diminuíndo nun 19,02% respecto ao exercicio anterior. Respecto ao endebedamento total comparado cos recursos ordinarios pasou do 57,54% ao 40,53%. Do sinalado dedúcese un alto grao de liquidez e solvencia. Do sinalado dedúcese un alto grao de liquidez e solvencia. 2. Respecto ao Resultado económico-patrimonial. Xerouse un incremento do patrimonio, isto é, un beneficio, de 2.938.972,75 €, superior ao do exercicio anterior nun 20,64%. 3. Respecto ao estado de fluxos de efectivo. O importe do efectivo a 31 de decembro foi de 3.065.748,63€, superior ao do exercicio anterior nun 37,87%. 4. Respecto á liquidación dos orzamentos. O grao de realización dos dereitos por operacións correntes foi moi elevado (do 107,51 %). Respecto ás operacións de capital foron do 28,59%. O total foi do 85,17% das previsións, se ben debe terse en conta que non se teñen en conta as modificacións financiadas con RLT^a, pois non xeran dereitos recoñecidos, que se incorporaron por importe de 874.559,89 €, co cal daríanos unha execución do 85,17%. Respecto aos estados de gastos, a execución acadou o 89,60% no caso das operacións correntes e o 69,74% do total. Os pagos líquidos foron do 94,97% das obrigas recoñecidas. O aforro neto legal é positivo ascendendo a 2.215.207,65 €, representando un 23,90% dos ingresos liquidados por operacións correntes, sendo o nivel de endebedamento bancario, incluíndo a Deputación, de 34,20% dos mesmos. O resultado orzamentario axustado legal é positivo por importe de 1.828.563,70 €. O remanente de tesourería para gastos xerais foi de 2.505.982,99 €. A liquidación dos orzamentos cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, capacidade de financiamento de 1.696.465,07 €, regra de gasto, límite de débeda e período medio de pagamento, de 5,36 días en decembro de 2018. Remarcar o feito de que non se trata de analizar se a xestión foi boa ou mala, xa que desta responderán, de ser o caso, os xestores, senón que a aprobación da conta ven sendo un acto formal necesario para a súa rendición aos órganos de control externo. En resume, trátase dun documento de carácter contable, non se valora a boa ou mala xestión.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non dubidan do traballo dos técnicos que formalizaron as contas, nin tampouco se van a opoñer a elas por que entenden que os resultados se son satisfactorios e non houbo alegacións no trámite de información pública non deben ser rexeitados. Como non formaron parte da política no ano 2018 non as van a votar favorablemente, senón absterse para que sexan aprobadas.

Intervén a Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que non van a por trabas para a aprobación da conta xeral.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que que sinala que efectivamente a conta xeral reflicte o que foi o resultado económico do exercicio anterior, neste caso o ano 2018. Na sesión ordinaria do mes de abril preguntaron dende este grupo municipal cal era a débeda municipal, a cantidade de endebedamento total. Naquel pleno, está a grabación aí, o Alcalde sinalou que a débeda a 31/12/2018 era de 3.075.000 euros. Hoxe demostrábase que o alcalde naquel pleno mentiu xa que neste documento fíxase a débeda municipal a 31/12/2018 en 3.756.000 euros. Naquel pleno mentiu. Se vamos analizando os



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

datos pormenorizados podemos ollar como a recadación en IBI rústica que no orzamento municipal prevíase uns 266.000 euros, chegou a ser de 427.000 euros. O IBI urbano que se cifraba no orzamento en 2.050.000 euros, chegou a ser de 2.560.000 euros. Esta recadación a maiores é debida a que no ano 2015 nada máis comezar o mandato mandouse aquela carta ao Catastro solicitando a aplicación en Ordes dunha revisión catastral que xurdiu efectos en Ordes no ano 2018 e que lle incrementou á veciñanza o recibo da contribución. Así de cobrar por estes dous conceptos entorno a dous millóns douscentos/trescentos mil euros pasouse a recadar tres millóns de euros. Se miran a importancia que teñen nos recursos do concello os impostos directos ven como no ano 2018 estes suben considerablemente e pasa a ser o capítulo máis importante polo cal se recada chegando a un 38%. Mentres que as transferencias correntes perden a súa importancia que ata o de agora era de onde máis recursos se sacaban. Ven reflectido nas táboas da conta xeral como o esforzo fiscal por habitante subiu, pasou de ser de 351 euros por habitante a case 450 euros por habitante. Sube un 25% o esforzo fiscal no ano 2018. Despois o que é recorrente e que ven demandando este grupo cada vez que hai unha conta xeral. Hai nove contratos vencidos, sobre os que se fai unha prórroga tácita que non está permitida pola lei de contratos do sector público, así consta nas notas de informes de reparo. Estamos a dicir o que se observa. Non serve de desculpa despois de catro anos de goberno que é unha situación herdada. Teñen capacidade para solucionala, hai que ter vontade. Feito este análise é polo que van a votar en contra da aprobación desta conta xeral.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pregunta de donde sacou ese importe da débeda, non a atopa nas táboas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que cuarta folla, segunda carilla. Esta é a débeda total, a débeda bancaria cifrouse en 1.700.000 euros.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se houbo un malentendido no pleno pide desculpas. A diferenza nas cantidades está pola débeda polos acredores pendentes de pago a 31/12/2018. Sempre analizou a débeda bancaria coa débeda coas administracións. Segue a falar do mesmo a día de hoxe por que a situación non mudou, mellorou. Pediu que se fixese hoxe o cálculo de como esta hoxe nos datos do CIR na actualidade, con data 26/09/2019, a débeda viva en termos de protocolo de déficit excesivo é de 1.340.000 euros, que recoñece o Ministerio de Facenda. E temos os PAI por importe de 1.683.000 euros, o que fai un total de 3.023.000 euros. Os 3.075.000 que lle falou non seu día son a débeda financeira e a débeda coa Deputación Provincial, que está convencido que xamais vai a devolver este concello nin outro gobernado polo PSOE ou BNG. Vostede esta no seu dereito de seguir defendendo esa cuestión. Insiste en que a débeda bancaria a día de hoxe é de 1.340.000 euros que ao remate do exercicio 2018 situábase entorno a 1.700.000 euros. Con respecto ao IBI rústica e urbana, claro que se cobraron catro anos, é certo que asinou a revisión catastral, foi un dos documentos que lle deixou enriba da mesa a anterior corporación municipal. Non tivo ningún tipo de dúbida en asinalo por que así llo recomendou a interventor que debería facelo unha vez que consultou coa Xerencia Territorial do Catastro na Coruña. Independentemente da súa sinatura íase facer igualmente a regularización catastral no concello de Ordes igual que se fixo no de Rianxo, Carballo ou calquera outro na provincia de A Coruña e en todo o estado español, excepto nas comunidades autónoma de réxime foral propio. Segue a darlle voltas de que é culpa do Alcalde de Ordes que esa revisión se levase a cabo, que se levou a cabo exactamente igual con ou sen a sinatura do documento. É certo que a maioría deses ingresos en rústica e en urbana na inmensa maioría de catro anos se fixeron efectivos en 2018 e polo tanto hai esa carga fiscal para moitos contribuíntes aquí en Ordes. a continuación foron baixando de maneira paulatina do ano 2015 a 2019 os tipos de gravame de IBI de rústica e urbana. A regularización era necesaria, non era xusta que a súa vivenda estivese pagando o imposto e o veciño de enfronte por ter feito a vivenda sen licenza en moitos casos, sen tela dado de alta non estivese pagando nunca por ela. Moitos cartos teñen aforrado estes veciños por moitos inmobles durante moitos anos con respecto ao prexuízo que lle ocasionaban ao



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

resto da veciñanza. Facenda somos todos e polo tanto paguemos todos polo que poseemos. Seguir falando da revisión catastral, do catastrazo é unha batalla totalmente perdida. Non ten razón ningunha, é un argumento banal e xa se viu os resultados que lle deu durante toda a campaña, co seu nome posto como culpable dunha regularización catastral. O que ten un pouco de sentido común sabe que se ten inmobles en varios concellos esa regularización catastral tiña que levarse a cabo. Non siga insistindo neses argumentos que non nos levan a ningún sitio. A conta xeral é un exercicio contable, quen fai os informes é o interventor, quen executa o orzamento é o goberno municipal, o estado de execución foi dun 80%, foi beneficioso para todos os ordenses. O voto deste goberno vai a ser a favor como defensores das contas. Agradece a postura do PSOE e UxO.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), tres votos en contra (3 grupo político BNG) e coas abstencións (2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.018 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

2º.- Render a Conta Xeral ao Tribunal de Contas desta Comunidade Autónoma, nos termos previstos no art. 223.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Regra 51.2 da Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

4. MODIFICACIÓN REGULAMENTO DA PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL IVÁN RAÑA FUENTES (Art. 8.3. Horarios de apertura).

Expediente de modificación do Regulamento da Piscina Climatizada Municipal Iván Raña Fuentes (art. 8.3. Horarios de apertura).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que esta modificación é en base aos datos demanda, non se opoñen, sempre que estes datos sexan certos, e polo aforro que supón pechar os sábados ás nove, por ser un beneficio para a cidadanía.

Intervén a Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo en que se amplie o horario os domingos por que hai usuarios que así o demandan. Os sábados que peche antes gustaríalles que se explorase ao mellor outras posibilidades para non deixar de prestar este servizo. Se se fixeron as enquisas pertinentes e hai informe favorable do técnico de deportes van a votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que que sinala que si é unha demanda da xente e se prefire ter un pouco máis de horario o domingo e reducir un pouco o sábado non se opoñen. Pódese probar como experiencia piloto, se dentro dunha temporada se ve que non funciona, que se quere outro horario, sempre se pode modificar de novo. Votarán a favor.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación do Regulamento da Piscina Climatizada Municipal Iván Raña Fuentes (art. 8.3. Horarios de apertura), que quedará redactado da forma seguinte:

“8.3. Os horarios de apertura serán os seguintes:

- De luns a venres: de 08:00 a 14:00 e de 16:00 a 23:00.
- Sábados: de 08:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00.
- Domingos: de 09:30 a 14:00, excepto no mes de agosto, no que permanecerá pechada”.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas contra o texto do regulamento.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

5. BONIFICACIÓN COTA ICIO, LICENZAS URBANÍSTICAS DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS.

Expediente de bonificación cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coa abstención do Sr. Rodríguez Méndez, sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras:

- **SAT LAVANDEIRA**, con CIF nº V15605355, solicitude de data 04/07/2019, rexistro de entrada nº 2520, de obras de ampliación de explotación gandeira existente “**VACÚN DE LEITE**” (construción de silo forraxeiro de formigón), en Lg. Lavandeira de Abaixo, 7, Poulo – ORDES (Expdte. 197/2.019 – SIGEM 2.019/U019/000022).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

- **SANDRA DEL RÍO VÁZQUEZ**, con DNI nº 79322931W, solicitude de data 17/09/2019, rexistro de entrada nº 2686, de obras en nave dunha explotación agropecuaria existente “**POLOS DE ENGORDE**” [**acondicionamento de parte da cuberta (colocación de panel sandwich sobre as pranchas de fibrocemento), instalación interior de dúas unidades de climatización**], en Lg. Aldea de Abaixo, Pereira – ORDES (Expdte. 177/2.019 – SIGEM 2.019/U026/000067).
- **CASA RAÑA SAT Nº 1037 XUGA**, con CIF nº V15710114, solicitude de data 26/08/2019, rexistro de entrada nº 201999900000568, de obras de ampliación de explotación gandeira existente “**VACÚN DE LEITE**” (**redistribución interior e adaptación de ocos das fachadas dun establo**), en Lg. Luidiño, Pereira – ORDES (Expdte. 167/2.019 – SIGEM 2.019/U026/000062).

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de abril de 2.019, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

7. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que antes de dar conta da súa moción e para que non volva suceder. Unha reflexión. A moción presentouse o 17 de setembro. O día 18 o Alcalde pediulle que informase ao secretario dunha serie de dúbidas para clarexar un dos puntos, que se fixo o mesmo día 18. Non é de recibo que hoxe ás 14:45 lles chegue un correo electrónico con dous informes. No anterior mandato solicitóuselle aos grupos políticos municipais que presentasen as mocións os venres para dar marxe, que se presenten tamén os rogos con marxe. Resulta que temos os informes o mesmo día do pleno ás tres da tarde. Non o ve lóxico, o mesmo que se lle pide a eles, que se presenten as cousas con tempo para analizar. Tamén lle rogan que presenten os informes con tempo. Dende o día 18 ao día 26 houbo ben días. Dados os informes presentados ás tres da tarde modifican os acordos da moción.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que di está moi ben, pero el depende dos informes dos técnicos. A contestación da Consellería de Industria chegou o xoves, o informe do técnico municipal non o tivo ata hoxe, o Secretario deixou listo o seu informe onte. Unha vez que os revisou fixéronselle chegar. Estas mocións dende o punto de vista legal e do contido fai falta marxe para analizalas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se están pagando moitos cartos para que o técnico informe cando ten que informar, sabe a que hora esta asinado polo técnico, non sabe en que día estaba feito. Seguidamente da conta do texto da moción:

“Hai mais dun ano fíxose presentamos desde o BNG de Ordes unha moción no pleno celebrado o un de maio de 2018, na que acordouse por maioría que “O pleno da corporación municipal insta á Consellaría de Economía, Emprego e Industria a que reforme o Plan Eólico de Galiza nos termos reflectidos na declaración institucional realizada polos concellos de Ordes, Oroso, Frades e Mesía; procurando ademais un incremento considerable das distancias dos aerogeradores ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable.

Este razoamento basease en que antigamente os aerogeradores que se instalaban cando se aprobou a lexislación en vigor, eran dunha potencia de entorno a 660 KW, mentres que na actualidade estanse proxectando parques eólicos con aerogeradores de 3,465 MW de potencia; cunha altura de torre e un impacto moito maior, polo que é fácil comprender que se deberan revisar e incrementar considerablemente as distancias esixidas.

Pasado mais dun ano, ollamos por unha banda como o goberno da Xunta de Galiza non fixo absolutamente nada ao respecto, e por outra banda obsérvanse novos movementos para a implantación de parques eólicos no noso concello.

Ademais creemos conveniente estudar a supresión da posibilidade de bonificación nos impostos de actividades económicas, bens inmobles e sobre construcións instalacións e obras (I.A.E., I.B.I. e I.C.I.O.) no caso das instalacións de produción e/ou transporte de enerxía, debido ao impacto negativo que teñen sobre o medio e as problemáticas que xeran á veciñanza.

Por último, insistimos novamente na necesidade de que Ordes leve a cabo os trámites precisos para aplicar unha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que avalan a aplicación de dito gravame polos concellos cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

1.- Tomar o acordo que adoptou a anterior Corporación Municipal solicitar da Consellería Industria que o Goberno Galego modifique o Plan Eólico de Galicia para incrementar as distancias dos aerogeradores aos núcleos de poboación, tendo en conta a súa antigüidade e se teñan en conta que existen novos aerogeradores máis potentes.

2.- O Pleno da Corporación comprométese a analizar, a ter en conta, a incidencia que teñen os aerogeradores sobre a veciñanza, sobre o medio ambiente, á hora de determinar se se aplican ou non a bonificación ás instalacións de produción e transporte de enerxía establecidas nas ordenanzas fiscais nº 1, nº 2 e nº 4 (IBI, IAE e ICIO).

3º.- O pleno da corporación municipal insta ao alcalde de Ordes a levar a cabo as xestións precisas para a aplicación dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan”.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén o Sr. Alcalde, que solicita que se retire a moción para que se analice o punto segundo, o punto terceiro será obxecto de tratamento no seguinte pleno do concello.

Intervén o Sr. Secretario que sinala que a petición de modificación do Plan Eólico se non se envía algunha xustificación, se non vai acompañada dun documento técnico, a unha simple petición non cree que lle vaian a facer caso.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a xustificación é que o Plan Eólico é do ano que é, antes había uns aeroxeradores que non eran tan altos como os de agora, tiñan menos potencia, menor incidencia ambiental.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala en relación co punto segundo a petición dun compromiso non é vinculante, por que o Pleno podería cambiar de criterio e non aplicalo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que resumindo sinala que para sacar adiante a moción e facer todo o que se poida, cedendo todo o posible,

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ese compromiso o hai dende sempre. Non lle parece normal este tipo de mocións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non lle parece normal mandar o que mandaron.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle pide que o deixe sobre a mesa e o analizan no mes de outubro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que elimina o punto segundo deixando os puntos primeiro e terceiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que pide que se trate en outubro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pide que sexa agora.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), cinco votos a favor (3 grupo político BNG, 2 grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sete dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceiro do grupo político PP, que da conta da moción que se transcribe a continuación:

“Un dos grandes alicerces da organización política e administrativa en España está constituído polas Entidades Locais, cuxas Administracións de proximidade garanten a provisión de servizos públicos esenciais á cidadanía española. Para poder desenvolver eficazmente as funcións que teñen encomendadas, é fundamental que se cumpran integramente os dous principios que constitucionalmente inspiran a súa actuación: o principio de autonomía (artigo 140 da Constitución española) e o principio de suficiencia financeira (artigo 142 da Constitución española).

Autonomía e suficiencia financeira son principios conmutativos, de modo que non hai autonomía sen suficiencia nin suficiencia sen autonomía. En cambio, do mesmo xeito que ocorreu co financiamento das Comunidades Autónomas, o Ministerio de Facenda veu



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

invocando diferentes coartadas para impedir facer efectivas as obrigacións económico-financeiras que ten contraídas lexislativamente coas Entidades Locais. Unha vez máis, e de maneira completamente falaz, o Goberno de Sánchez apela á concorrencia dun orzamento prorrogado e ás limitacións dun Goberno en funcións para negar o que constitucionalmente é un dereito das Entidades Locais e, por conseguinte, da cidadanía que reside en cada unha delas.

Resulta un paradoxo dificilmente aceptable desde o punto de vista intelectual que o libramento dos recursos económicos por parte do Estado ás Entidades Locais, e que forman parte dun modelo de actuación establecido legalmente e de raíz constitucional, sexa posto en cuestión polo Goberno de Sánchez, sobre a base de opinións técnicas non contrastadas.

A cambio, ese mesmo Goberno non tivo ningún reparo en aprobar Reais Decretos Lei que crean novos dereitos económicos, facendo estalar o teito de gasto non financeiro do Estado e crebando a ordenación xurídica sobre a estabilidade orzamentaria.

Fronte á disciplina e á corresponsabilidade política e administrativa que debe imperar entre o Estado e as Entidades Locais, o Goberno de Sánchez impuxo irresponsablemente a indisciplina fiscal e un dos maiores ataques ao modelo das Entidades Locais sobre a base de espurias opinións sen fundamento técnico é negar a base mesma do noso sistema de organización territorial.

Desde o punto de vista do financiamento local, a falta de actualización dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do Fondo Complementario de Financiamento, está a provocar un prexuízo análogo ao que se está producindo coas entregas a conta ás Comunidades Autónomas, e que podería situarse ao redor dos 1.000 millóns de euros.

Á súa vez, e da mesma maneira que en financiamento autonómico, o Goberno de Sánchez ampárase indebidamente na concorrencia da existencia dun orzamento prorrogado e dun Goberno en funcións para impedir que se aboen ás Entidades Locais as liquidacións definitivas na Participación en Ingresos do Estado correspondentes a 2017 que o Estado debe aboar ás entidades locais en 2019.

Pero é que, ademais, a conxelación á que está a abocar coa súa actuación o Goberno de Sánchez non permite cubrir o esforzo orzamentario que están a facer as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións en materia de persoal derivadas do Real Decreto Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece un incremento mínimo asegurado do 2,25 por cento respecto ás retribucións vixentes en 2018, con efectos ao 1 de xaneiro de 2019, e que cobre tanto a funcionariado como a persoal laboral do sector público local.

Por último, existen un conxunto de liñas de subvencións estatais destinadas a financiar determinados servizos locais (por exemplo, transporte colectivo urbano), cuxo importe permanece inalterable ao longo deste ano no crédito orzamentario de 2018, sen que responda directamente, polo tanto, da evolución dos custos do servizo en cada unha das liñas subvencionadas.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo municipal Popular insta ao Pleno do Concello de Ordes a adoptar os seguintes acordos:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

PRIMEIRO. Esixir ao Goberno de España que faga efectivas as obrigacións económico-financieiras que teñen contraídas legalmente coas Entidades Locais e que teñen o seu fundamento nun dereito constitucionalmente recoñecido. E en base a iso efectúe a transferencia actualizada dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do resto de recursos financeiros que corresponden ao concello de Ordes e, por conseguinte, á cidadanía que reside aquí.

SEGUNDO. Reclamar ao Goberno de España os recursos necesarios para apoiar o esforzo orzamentario que están a facer as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións dos empregados públicos das Entidades Locais previsto no Real Decreto Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, no ámbito do Concello de Ordes.

TERCEIRO. Solicitar a convocatoria urxente da Comisión Nacional de Administración Local para dar conta das razóns da situación creada e acordar solucións inmediatas.

CUARTO. Dar traslado destes acordos á Presidencia e á Vicepresidencia do Goberno de España, aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso e do Senado, así como ao Ministerio de Facenda”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UXO), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que entende que non é o momento oportuno para esta solicitude ante as próximas elección xerais.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que lle parece ben que se reclamen os cartos que se lle deben ás comunidades autónomas e por extensión tamén son prexudicados os concellos. Non lles parece ben a argumentación que se deu a esta moción. A ven totalmente electoralista como dixo o compañeiro do PSOE. Hai un proceso electoral convocado, se a houberan traído noutro momento con outra argumentación. Tomaron posesión o 15 de xuño, están a 26 de setembro. Agora habendo un proceso electoral non o entenden.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que esta moción é para o que é, estamos nos previos dunhas eleccións, está moi ben. Están de acordo en que o Concello de Ordes ten que velar por ter os seus recursos e intentar que a administracións llos xere. Que a culpa é do Sr. Sánchez por que intenta forzar o apoio á constitución dun goberno prolongando o ingreso destes tributos, ou que a culpa é dos grupos do Parlamento por que non permiten a conformación dun goberno que poida gobernar o estado. Niso non van a entrar. Están de acordo cos puntos do acordo, pero creen que falta un. Propoñendo unha emenda de engádegos que sería a inclusión dun punto terceiro co texto: Reclamar ao goberno do Estado a execución da rotonda que enlaza a estrada N-550 coa rolda leste recollida nos orzamentos xerais do estado cun orzamento de un coma dous millóns de euros. Os puntos terceiro e cuarto pasarán a ser os puntos cuarto e quinto respectivamente. Se teñen a ben incluír esta emenda na súa moción, contarán co seu apoio.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que non vai haber problema en aceptar o engádego. Falouse moito durante os últimos dous meses deste tema. A Ministra de Facenda leva xustificando a imposibilidade de actualizar a financiación nun informe da Avogacía do Estado que lle prohibía a un goberno en funcións actualizar as entregas a conta e devolver a liquidación do IBI ás Comunidades Autónomas. O goberno en funcións non podía introducir novas directrices que condicionasen a que nos podían substituír. A lei orgánica de financiación das comunidades autónomas dicía que o executivo está legalmente obrigado a facer anticipos a conta nas comunidades autónomas e por outro lado o goberno estaba a facer os venres electorais nos que se incumpria ese criterio. A presentación desta moción e intensidade da defensa dos intereses das entidades locais ven motivada por que nos últimos dous meses o único que mudou foi o feito de que se produzan unhas novas eleccións xerais, que iluminaron ao goberno de Madrid para liberar unha parte deses fondos, que agora milagrosamente encontraron un resquicio legal para que se comece a realizar os pagos xusto cando comece a campaña electoral. Si é o momento de presentar isto. Non somos merecedores deste xogo de titiriteiros, o 70% dos recursos que as comunidades autónomas están pendentes de recibir que son 7.200 millóns de euros van destinados a atención das persoas. Non se lle diga que non é o momento adecuado. Agora como hai unhas eleccións aparece a vía legal. Chama as forzas políticas aquí representadas para que fora de partidismos e electoralismos defendan os intereses dos cidadáns de Ordes.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se reitera no sinalado antes. Ante a inminencia dunha elección non é o momento preciso. Con esta presa, así de un día para outro carece de relevancia. Entende que o goberno fará a función que ten que facer.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coa Sra. García Gómez no cambio de criterio na Avogacía do Estado. O orixe do problema está en que os partidos nacionais non se dan posto de acordo para ter un goberno en España estable. Este é o problema orixinaria. Demanda que nun proceso electoral, como partido independente non van a entrar en disputas de partidos. Parécelle ben que se reclamen os cartos que se deben ás comunidades autónomas, por extensión aos concellos, pero sen entrar en electoralismos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que ao final do que se trata é de reclamar uns cartos que hai que transferirle á administración local, neste caso ao concello de Ordes. dado que se aceptou a súa emenda van a votar favorablemente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de doce votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

PRIMEIRO. Esixir ao Goberno de España que faga efectivas as obrigacións económico-financeiras que teñen contraídas legalmente coas Entidades Locais e que teñen o seu fundamento nun dereito constitucionalmente recoñecido. E en base a iso efectúe a transferencia actualizada dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do resto de recursos financeiros que corresponden ao concello de Ordes e, por conseguinte, á cidadanía que reside aquí.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

SEGUNDO. Reclamar ao Goberno de España os recursos necesarios para apoiar o esforzo orzamentario que están a facer as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións dos empregados públicos das Entidades Locais previsto no Real Decreto Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, no ámbito do Concello de Ordes.

TERCEIRO. Reclamar ao goberno do Estado a execución da rotonda que enlaza a estrada N-550 coa rolda leste recollida nos orzamentos xerais do estado cun orzamento de un coma dous millóns de euros.

CUARTO. Solicitar a convocatoria urxente da Comisión Nacional de Administración Local para dar conta das razóns da situación creada e acordar solucións inmediatas.

QUINTO. Dar traslado destes acordos á Presidencia e á Vicepresidencia do Goberno de España, aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso e do Senado, así como ao Ministerio de Facenda.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O Servizo de Atención Temperá (SAT), establecido neste concello, atende unha gran cantidade de poboación infantil de entre 0 e 6 anos con algunha alteración no seu desenvolvemento ou en risco de padecela. Con todo, nesta unidade non se dispón da figura dun/dunha fisioterapeuta que atenda as necesidades da área motora. Isto, obriga ás familias a realizar desprazamentos para recibir o tratamento axeitado e impide realizar unha abordaxe multidisciplinar naqueles casos que sexa oportuno.

Na súa condición de portavoz municipal do grupo político PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ao Concello de Ordes a que tramite a incorporación dun/dunha fisioterapeuta ao Servizo de Atención Temperá (SAT) da Mancomunidade de Ordes.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que este rogo debería ser derivado á Mancomunidade de Ordes. O SAT foi incrementándose de forma paulatina, concórrese á subvención máxima da Consellería de Política Social, aténdese a 219 nenos. Dende os servizos hospitalarios de Santiago estanse atendendo na unidade de fisio do Clínico Gil Casares os tres únicos casos que necesitan de fisio. Un xa están dados de alta. Os que teñen problemas no aparato motor pódense atender a través de psicomotricidade cos



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

recursos comunitarios. Non quere dicir que se o día de mañá se hai usuarios da unidade clínica poderanse incorporar novos servizos. Neste momento os que teñen necesidade clínica de fisioterapia son derivados a fisio do Clínico. Traslada a petición á Mancomunidade.

- Debido a sucesivas queixas dos veciños da aldea de Morgade (Mesón do Vento) pola mala visibilidade na saída da pista a estrada AC-523 dado que hai unhas arbores e setos que impiden a visión dos vehículos circulantes por dita estrada.

Na súa condición de portavoz municipal do grupo político PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Que se limpe de maleza, setos e arbores a saída-entrada de dita pista a fin de mellorar a visibilidade e seguridade dos veciños e usuarios de dita pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este é un rogo recorrente, son de propietarios particulares estes terreos, pedirase á policía local que faga o informe para que se lle requira á maior brevidade para que procedan a podar para garantir a seguridade.

Intervén a Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- En pasadas fechas abriu o prazo para inscribirse ós cursos de natación que se imparten na piscina climatizada "Iván Raña Fuentes".

Dende as sete da mañá os interesados/as gardaron unha longa cola ás portas da instalación, ata que finalmente, segundo nos trasladan veciños/as afectados, as dez comezou o proceso para anotarse.

Dende Unión por Ordes creemos que o método empregado para realizar as inscricións de ditos cursos é obsoleto e incomodo, posto que moitas nais e pais que alí estaban, tiveron que pedir o día no seu traballo para poder anotar ós seus fillos.

Por tanto, na súa condición de representante de UxO no Concello de Ordes, formúlalle ó Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos que se estude a posibilidade de utilizar outros métodos máis actuais, como por exemplo inscrición os cursos vía internet ou explorar outras alternativas, co fin de evitar ditas aglomeracións de xente e esperas innecesarias.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que este sistema xa se mudou. Os usuarios están máis contentos agora. Segue habendo aglomeracións, tomarase en consideración para o seu estudo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que propoñen un sistema de inscrición a través de aplicacións móbiles.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que habería que estudalo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

- No paseo fluvial Ramiro Recouso non existen aseos públicos. Varios veciños/as fixéronos chegar estas queixas.

Ademais, non dispón de iluminación nun dos tramos, dende o segundo muíño ata a pista que vai a Villaverde.

Por tanto, na súa condición de representante de UxO no Concello de Ordes, formúlalle ó Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos que se dote este paseo con aseos públicos e iluminación nos tramos que non hai.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta non é unha actuación prioritaria para o goberno.

- Dende UxO apreciamos a falta de medidas de seguridade nas obras que se están a levar a cabo na Rúa Alfonso Senra. Moitos veciños/as do municipio, mostráronos a súa preocupación e queixas sobre este tema. Como se pode ver nas imaxes, as medidas de prevención de riscos adoptadas, ó noso entender, son insuficientes. Mala sinalización, escombros e baldosas soltas, cables pelados tirados na beirarrúa, mal acoutamento da zona de traballo.

Creemos que isto pode supoñer un grave risco para os viandantes, así como para a gran cantidade de vehículos que circulan a diario por esta estrada.

Botamos en falta tamén a habilitación de accesos seguros por encima das gabias feitas para poder acceder as vivendas e os distintos comercios que se atopan na zona.

Por tanto, na súa condición de representante de UxO no Concello de Ordes, formúlalle ó Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos se adopten as medidas de seguridade oportunas e se habiliten máis pasos seguros por encima das gabias para dar acceso as vivendas e os comercios, nin se salte as indicacións por onde non se pode transitar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle vai a dar traslado á empresa e dirección das obras. Pero tamén quere facer un chamamento para que a veciñanza non mova as sinais. Para que se respecte a sinalización da empresa.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que o outro día presenciou como unha señora caía. O que falta nesta obra é un acoutamento da zona de traballo seguro. Tería que ter vaías a todo o seu largo. Se llo pode trasladar á empresa para mellorar as medidas de seguridade.

- Consideramos que a situación dos colectores de lixo ao lado do paso de peóns, obstaculizando a visibilidade a os usuarios que saen do parque, non permiten ver os vehículos que veñen dende a parte de abaixo, sabendo que moitas veces, os nenos e nenas saen correndo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Por tanto, na súa condición de representante de UxO no Concello de Ordes, formúlalle ó Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos que se trasladen os colectores de lixo, á parte superior do paso, deixando así mellor visibilidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que neste punto non ten ningún tipo de razón, non obstaculizan para nada os contenedores. Hai cinco metros de paso de peóns e os contedores so ocupan un metro dez, si é certo que cando as prazas de estacionamento están ocupadas complicase un pouco máis a visibilidade. En ningún caso se lle pode botar a culpa aos contenedores. O traslado non ten fin ningún, non se vai a atender.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- As atraccións de feira adoitan dispoñer de música e de megafonía como reclamo para captar a atención de visitantes que, normalmente, están a un volume elevado e se solapan coa emitida nos postos veciños, o que ocasiona un balbordo que a algunha xente e, en especial para as persoas con distintas capacidades, lles impide gozar e participar da festa.

Polo anterior exposto, consideramos acertado dispoñer dunha faixa horaria ou mesmo dunha xornada completa das festas que no sucesivo se celebren en Ordes, como xa se fai noutros concellos, coas atraccións de feira sen música nin megafonía para facilitaren a participación de nenos e nenas con doenzas como autismo, síndrome de Asperger, síndrome de Down e outras capacidades físicas e mentais, ao tempo que poidan asistir con nenos e nenas que tamén teñan interese para favorecer a súa inclusión social.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Organizar, de acordo coas empresas concesionadas das atraccións, unha faixa horaria ou sesións específicas no calendario de festas en que as instalacións e postos de feira non utilicen música nin megafonía para facilitar a participación de nenos e nenas con diversidade funcional e distintas capacidades que teñen alta sensibilidade ao balbordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nas festas por parte da Comisión e persoal Concello non foi posible chegar a un acordo con todas as atraccións durante as festas patronais. Valorarase para o 2020 para facela efectiva, a comparten plenamente.

- Nas pasadas festas patronais de Ordes, e para dotar de subministro eléctrico ás atraccións situadas no campo da feira, dispuxéronse unha serie de grupos electróxicos, algún dos cales estivo traballando sen ningún tipo de valado e mesmo coas portas de acceso ao motor de combustión abertas e que permitían o contacto de persoas con zonas de alta temperatura.

Ademais salienta a situación de inseguridade que pode verse nas fotografías, onde os cabos eléctricos e as caixas de protección estaban polo chan, que xunto coa chuvia caída os últimos días provocou unha situación a todas luces insegura para as persoas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

En vindeiras celebracións se mellore a seguridade das persoas na zona das atraccións, esixindo cumprimento da normativa aplicable.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as imaxes son preocupantes, en vindeiras edicións o incluírán este punto de cumprimento da normativa e o balado de todos os xeradores, a día de hoxe non poden utilizar o boletín único que tiñan para engancharse aos transformadores ou liñas de media ou baixa tensión, teñen que traer os seus propios xeradores e valar estes equipamentos.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- As obras de pavimentación da rúa dos Lagartos, afectaron á sinalización horizontal dun paso de peóns existente na prolongación da rúa dos Lagartos, diminuindo a súa visibilidade. Non se comprende como durante as tarefas de pintado da rúa dos Lagartos, non se aproveitase para repintar o citado paso de peóns.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que o citado paso de peóns sexa repintado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está solicitado, o que pasou foi que a empresa de pintura contratada pola empresa dentro do proxecto deixou unha parte sen facer, tamén faltan as liñas de detención do fin de Rosalía de Castro.

- Na rúa de Frades, nas proximidades do pavillón Castelao II existe un sumidoiro de pluviais deteriorado, que pode ocasionar danos materiais sobre os vehículos ou mesmo provocar lesións ás persoas que transitan pola zona.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda á súa reparación o antes posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que déuselle traslado a Espina o 16/09/2019, xa se está arranxando.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Nas festas patronais de Ordes, sacouse a licitación a instalación e explotación dunha barra de bar, mais coñecido como bochinche na alameda. En ningún momento foi esixida, ou condicionada a exercer dita actividade, a instalación duns aseos portátiles.

Cómpre lembrar que ditos aseos son esixidos a calquera establecemento hostaleiro



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

que inicia a súa actividade.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que no caso de volver a licitar a instalación e explotación dunha barra de bar nun espazo público, nos pregos sexa esixida como condición a dotación e instalación de varios aseos portátiles

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a valorarse como opción, pero en todo caso sería algo que correspondería ao Concello, sacaría a licitación tal como esta plantexada no día de hoxe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se instalen, sabemos o consumo que hai e as necesidades que se xeran para acudir a estas instalacións, sabemos a onde van facer as súas necesidades.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que formula as preguntas seguintes:

- O día 14/11/2018 foi adjudicada a obra “Humanización rúa Alfonso Senra Ordes (cruce rúa Compostela a cruce rúa Casabella)” nela se contemplaba que se ía a poñer nova canalización de saneamento, canalización para baixa tensión, comunicacións e telefonía, sendo o presuposto base de licitación 328.931,10 euros.

Sen embargo no proxecto que se está a levar a cabo agora nesta zona “Remate de humanización da rúa Alfonso Senra (cruce rúa Compostela a cruce rúa Casabella)” non contemplan ningunha das actuacións enumeradas anteriormente cun presuposto base de licitación de 310.821,18 euros.

por tanto, na súa condición de representante municipal de UxO no concello de Ordes, fórmulalle ao Sr. Alcalde as seguintes preguntas:

¿Por que non se contemplan na segunda licitación os servizos que si incluía a primeira de novo saneamento, canalización de baixa tensión, comunicacións e telefonía se os presupostos son moi semellantes?.

¿O día que nesta zona teñamos que cambiar a rede de saneamento teremos que levantar todo o posto nesta intervención, beirarrúas, canalizacións de abastecemento,... ?.

¿A primeira empresa, a cal se lle adjudicou estas obras, vai recibir algunha cantidade a modo de indemnización por parte do Concello de Ordes?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que gustaríalle que igual que trae a pregunta traia a resposta. Pediu acceso a documentación e non fai os seus deberes. O 31/07/2019 presentou unha solicitude, o terceiro punto era expediente completo de contratación das obras de arranxo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

en beirarrúas de Alfonso Senra. Accederon a dita documentación o 09/08/2019 e levaron parte de copia da documentación, na que ía un informe do director das obras non que se xustifican os prezos entre un e outro proxecto, propón unha solución alternativa se para o día de mañá se ten que facer a obra de saneamento. Tamén levaron as certificacións e sabe perfectamente a indemnización que lle correspondeu á empresa que é a que marca a lei. Esta pregunta non ten razón de ser cando vostede ten toda esta información.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No pleno extraordinario celebrado a comezos deste mes, o alcalde emprazou aos grupos municipais a presentares propostas para o POS+ da deputación da Coruña e para os presupostos municipais.

Por todo isto preguntamos ao Sr. Alcalde:

Vaise convocar o Consello da Emisora Municipal antes do debate dos presupostos municipais, de cara a recoller posibles investimentos na mesma?

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a previsión dunha sesión é para xaneiro de 2020 e ten previsto ter os orzamentos para outubro. Polo tanto non ten obxecto a convocatoria do Consello fora do establecido no seu regulamento de organización e funcionamento no seu artigo 7. Traían propostas valoradas e as analizarán. Non van a convocar unha comisión para analizar os orzamentos da radio. O que lle parece máis preocupante é que a persoa que traballa na radio so se dirixa a vostedes e non sexa capaz de falar con nos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a persoa da radio non se dirixiu a eles. A fai o BNG por que entenden que debe haber unha reunión para saber as necesidades. En xullo puido haber unha reunión, tampouco pasaba nada por ser en agosto. Sen ter unha reunión non ten sentido facer propostas a boleo de cousas que non veñen a nada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as necesidades que había foron satisfeitas todas o ano pasado.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que tería que ter unha reunión do Consello para saber que foi así.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se informou delas en Informes de Alcaldía.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non lles consta.

- A veciñanza do Casto de Parada, trasládanos que desde fai uns meses nota na auga da fonte existente na zona, un sabor raro e tamén certo olor.

Esta preocupación foi trasladada ao goberno municipal.

Por todo isto preguntamos ao Sr. Alcalde:

Realizouse algún tipo de análise da auga da fonte existente no Castro de Parada?
No caso de terse realizado, cales foron os resultados da mesma?



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto é un conflito veciñal cunha veciña, está nunha propiedade privada. Xa se tratou unha moción do PSOE en relación á competencia do concello para facer análises de auga nas fontes en espazos abertos. Nesa moción xa se dixo que non se podía levar a cabo por que se podía garantir a potabilidade hoxe pero non mañá. A indicación da Consellería é un cartel sempre de auga non potable a non ser que sexa da traída municipal. Non se fixo ningún tipo de analítica. A interesada se ten parte na auga pode facela cando queira.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non sabe se é privada, pero se investiron cartos públicos en amañala. Se hai veciñanza que nota problemas nese auga fai uns meses, non fan de sinalizar, ver se hai un problema, se non é potable sinalizar que non é potable.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non poden por indicadores sen máis, teñen que pedirle autorización á Consellería de Sanidade. Hai que por non apta para o consumo.

- No proxecto “Camiño do Barroso-Fosado (Montaos) e outros”, presentado para o PLAN POS+ ADICIONAL 1/2019 da Deputación da Coruña, recóllese a pavimentación do acceso á Pedreira dende o cruce da Igrexa en Vilamaior.

Nas medicións do proxecto e na memoria, establécese unha actuación sobre o viario nunha lonxitude de 470 m, mais segundo a delimitación que figura na documentación gráfica do proxecto (planos), actuaríase unicamente sobre 406 m.

Para aproximarse aos 470 m presupostados no proxecto deberase chegar ao seguinte cruce, tal e como se amosa na imaxe que se achega xunto á presente pregunta.

Por todo isto preguntamos ao Sr. Alcalde:

A pavimentación do acceso á Pedreira dende o cruce da Igrexa en Vilamaior, farase ata o seguinte cruce para completar a distancia presupostada, tal e como se amosa na imaxe que aportamos na presente pregunta?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no que son as trazas dos POS moitas veces hai erros. Vai a facerse sempre conforme á medición. Aquí xa se había acordado co veciño afectado de chegar precisamente ata ese punto. Vai a ser coa lonxitude total e deixar cubertos os dous cruces polo problema que afecta aos dous veciños. O veciño é coñecedor por que o trataron directamente con el en Vilamaior.

- En base ao proxecto da rotonda que enlazaría a N-550 coa rolda leste, preguntamos ao Sr. Alcalde:

¿Cantas reunións mantivo nos últimos meses con representantes do goberno do Estado para tratar o asunto?.

¿En que datas?.

¿Con quen?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no 2017 elaborouse o proxecto. Houbo tres ou catro reunións co Xefe da Demarcación e Xefe Provincial de Estradas do Estado en Galicia na Coruña e o equipo redactor. 18/01/2018 reunión do Director Xeral de Estradas do Estado no que se presentou un proxecto de 826.000 euros que se pretende executar solicitando a súa inclusión nos orzamentos. Os orzamentos xerais do estado para 2018 incluían unha partida de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

500.000 euros e para o ano 2019 de 700.000 euros. 26/10/2018 solicitude con Ministro de Fomento, contestaron o 12/12/2019 poñendo cita para o 09/01/2019 co Director Xeral de Estradas do Estado. Con anterioridade en novembro de 2018 o concello adquiriu as tres parcelas afectadas pola expropiación, remitíndose ao Ministerio de Fomento. O 09/01/2018 asistiu á reunión na que se adquiriu o compromiso de supervisión do proxecto e licitación no verán de 2019, que non se cumpriu, indicouse que se debía incorporar unha iluminación led no paso inferior, que xa estaba contemplada no proxecto e lle foi ratificada pola dirección de obra o 07/02/2019. Houbo diferentes contactos e comunicacións durante este tempo a través do Xefe da Demarcación e Xefe Provincial de Estradas, en visitas que estes realizaron a Madrid interesáronse pola rotonda. 23/01/2019, 21/02/2019, 05/04/2019, 25/05/2019, 11/06/2019, 29/07/2019, 26/08/2019, 16/09/2019 e 23 e 24/06/2019, neste último a resposta foi non hai cartos, a partida foi transferida. Non existen os 500.000 para o 2018. O venres van a falar co Xefe Provincial para ver que medidas se van a adoptar no futuro. Agradece a colaboración de Jesús Pedreira e Alejandro Manteiga do PSOE que se preocuparon por esta cuestión e non conseguiron o obxectivo. O grupo parlamentario do PP no Congreso rexistrou o 20/09/2019 unha serie de preguntas á Mesa do Congreso: pode o goberno explicar por que se comezan as obras da glorieta N-550 a da foca en Oroso e non noutros puntos da mesma estrada con obras pendentes que estaban incluídas nos orzamentos xerais do estado, esa rotonda non o estaba. Pode o goberno explicar a demora no comezo das obras de construción da rotonda e paso inferior no pq 37, N-550, incluídas nos orzamentos xerais do estado, aprobados por gobernos do PP. Pode o goberno asegurar sen sospeita algunha que o comezo da obras en Oroso non orzamentadas e a demora na rotonda de Ordes orzamentada non teñen nada que ver co resultado das eleccións municipais de 2019 que deron a vitoria ao PSOE en Oroso e ao PP en Ordes. Seguimos a espera destas respostas.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte horas e cincuenta e sete minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO